

ANUNCIO

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A COBERTURA DE VACACIÓNS E SUBSTITUCIÓN NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARANGA

EXPEDIENTE:2023/G003/000197

ANTECEDENTES:


Logo de que se incoou un expediente para a convocatoria dun proceso selectivo para a selección laboral temporal de auxiliares do servizo de axuda a domicilio , para a substitución dunha traballadora en situación de baixa laboral e outra na modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción pola oscilación no servizo de axuda a domicilio derivadas das vacacións anuais do persoal do servizo .

Logo de ver as bases da convocatoria e o disposto no artigo 1 apartado terceiro do Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decembro e a nova redacción do artigo 15 do Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro.

Considerando que concurre causa xustificada de temporalidade, e que non foi posible levar a cabo a selección do persoal a través da bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio do concello de Aranga vixente; tendo en conta a urxencia na contratación e que no proceso de selección convocado recentemente non se ten presentado ningun/a candidato/a ,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Proceder á convocatoria do proceso de selección de dous/dúas auxiliares do servizo de axuda a domicilio, para cubrir, unha delas, a baixa da titular en situación de baixa laboral e outra para cubrir as vacacións do persoal do servizo de conformidade co artigo 1 apartado terceiro do Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decembro e a nova redacción do artigo 15 do Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro , no que se refire aos contratos de duración determinada por



circunstancias da produción derivadas das vacacións anuais do persoal do servizo e .

Segundo: Aprobar as bases que rexerán a selección dos aspirantes , que se transcriben a continuación, remitindo Oferta de emprego ao Servizo Galego de Colocación

Terceiro: Dar conta ao Pleno Municipal, na primeira sesión ordinaria que realice, do contido deste acordo e a Xunta de Goberno Local a efectos da súa ratificación.

“BASES PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO: PARA A COBERTURA DUNHA BAIXA LABORAL DE TITULAR E PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS VACACIÓNS DO PERSOAL DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARANGA

Este procedemento ábrese con carácter de urxencia por considerar que o servizo de axuda a domicilio é un servizo básico.

Primeiro: Sistema de selección.

Realízase unha oferta de emprego ao Servizo Galego de Colocación coa finalidade de recibir os curriculums de persoas que poidan ser adecuadas para a substitución da traballadora de baixa e para a cobertura das vacacións anuais.

Segundo: Requisitos de admisión dos aspirantes.

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladorado Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.


b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspira.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

g) Estar en posesión do carné tipo B.

As persoas aspirantes deberán posuír todos estes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento. Será nulo o nomeamento da persona aspirante que estea incurso en causas de incapacidade, de conformidade coa normativa vixente



Terceiro: Modalidade do contrato

Os contratos a subscribir serán , no primeiro caso por substitución da persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, polo tempo imprescindible ata a súa incorporación e no segundo caso por causas da produción no caso das vacacións anuais.

As retribucións serán as establecidas para a ocupación de auxiliar de axuda a domicilio segundo o convenio colectivo do concello de Aranga.

As funcións a desempeñar son as recollidas na RPT do concello de Aranga.

Cuarto: Proceso de selección

a)Recepción de Currículums: Recibidos os currículums remitidos polo Servizo Galego de Colocación chamarase a todos/as candidatos para indiquen se queren participar no proceso. Daráselles un prazo de cinco días hábiles para presentar a súa solicitude.

b)Presentación de solicitudes: A presentación de solicitudes poderá facerse ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Aranga ou, vía telemática, a través da sede electrónica do Concello de Aranga , así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas. Neste caso os aspirantes deberán comunicar a súa presentación mediante e-mail (concello@aranga.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

c) Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarásese unha listaxe de admitidos e excluídos no que se indicará os integrantes do tribunal de selección e fixarásese o día , hora e lugar no que terá lugar a proba a realizar que poderá ser teórica ou práctica e referírase en todo caso, ao contido do posto de traballo.A proba valorarásese de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter cinco puntos para superar o proceso.

Quinto: Tribunal Calificador.

1. Os membros dos tribunais cualificadores da proba selectivas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 59 da Lei de emprego de Galicia e no artigo 60 do TREBEP.Constituirásese atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade


e especialidade, en función da disponibilidad de recurso, endendo á paridade entre homes e mulleres.

2. O Tribunal calificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres.

Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política,nin os



funcionarios interinos e o persoal eventual.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores técnicos, con voz e sen voto, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. A desinación dos membros dos tribunais desinados pola alcaldía e faráse público xunto coa resolución definitiva de admitidos e excluídos, publicándose no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello.

7. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes.

9. Os membros dos tribunais, que ten a condición de órgano colexiado, axustarán as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria. Os tribunais resolverán as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderán omar os acordos que garantan a boa orde do proceso naqueles supostos que non esten previstos nas bases.

As decisións que adopte vinculan á Administración sen prexuízo de que esta poida proceder a súa revisión segundo o establecido no artigo 106 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e restante normativa de aplicación.

10. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.


11. Os membros do tribunal poderán en calquera momento do proceso, requirir aos aspirantes para que presenten a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria.

12. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das administracións públicas.

Séxto.- Calificación dos aspirantes

Rematada a calificación dos aspirantes o Tribunal publicará un anuncio que conterá os/as aspirantes aprobados, pola orde de puntuación obtida, sendo o primeiro seleccionado o que ocupe o posto para a cobertura da baixa médica e o segundo o que cubra as vacacións do persoal laboral fixo, e elevará, esta relación, á Alcaldía antes de proceder á sinatura do correspondente contrato de traballo, As persoas que se vaian contratar para o desempeño do posto de traballo de auxiliar de axuda a domicilio deberán entregar:

- Un certificado médico oficial que acredite que poden desempeñar as actividades propias do posto de traballo.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- Documento acreditativo de conta bancaria



Sétimo.- BOLSA DE TRABALLO

Coa listaxe elevada polo tribunal calificador á Alcaldía elaborárase unha bolsa de emprego para a cobertura das distintas situacións que se poidan presentar entre o persoal traballador do servizo de axuda a domicilio.

Esta bolsa de traballo utilizarase unicamente no caso de non poder recurrir á bolsa creada mediante o procedemento de estabilización do traballo temporal do Concello de Aranga.

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente.
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados coma persoal laboral temporal, unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na lista.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar co seguinte candidato segundo a orde de prelación, no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir temporalmente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con él se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.
- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida na Base sétima
- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa.

Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.

- O aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista mediante resolución da Alcaldía.

Considéranse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
 - Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).
3. En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.
 4. O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento.
 5. Unha vez presentada a documentación establecida na Base sétima, ditarase resolución da alcaldía na que se aproba ao aspirante seleccionado/a para a súa contratación e fixará o prazo máximo para a formalización do contrato

Oitava.- Protección de datos

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, ao tratamento dos datos de carácter persoal é necesario no cumprimento dunha misión realizada en interese público.

Responsable do tratamento : Concello de Aranga

Finalidade: Selección persoal substitución



CONCELLO DE ARANGA

exp. 2023/G003/000197

Dereitos dos interesados: Dereitos de acceso, rectificación, supresión e protabilidade os datos, limitación e oposición.

Disposición final.–Incidencias e réxime de recursos

Os aspirantes polo feito de participar nas probas selectivas, sométense as bases desta convocatoria e ás decisións que adopte o Tribunal, sen prexuízo das reclamacións ou recursos pertinentes. O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas que se presenten en todo o non previsto nas bases, así como para a adopción dos acordos necesarios para a boa orde das probas selectivas.

As presentes bases vinculan ao Concello de Aranga, ao Tribunal de selección que califica as probas e a quen participe nelas.

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente

Aranga na data da sinatura

O alcalde

En Concello de Aranga, luns 22 de maio de 2023

O Alcalde/Presidente

Alberto Platas Álvarez